

Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 3 de maio do 2016

CONCELLEIROS ASISTENTES:

Yolanda Bouzas Alfonsín.

José Pedro Cambón Fernández.

José Luis Sampedro Bouzas.

Francisco Javier Blanco Sánchez.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 13.00 horas do día 3 de maio de 2016, reuníronse en primeira convocatoria os señores concelleiros membros da Xunta de Goberno Local deste concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º.- Acta anterior correspondente ao día 19 de abril de 2016.
- 2º.- Comunicacions previas (obra menor).
- 3º.- Solicitud de prórroga de licenza de obra maior.
- 4º.- Licenzas de obra maior.
- 5º.- Licenza de vado permanente.
- 6º.- Licenza de actividade.
- 7º.- Rogos e preguntas.

PRIMEIRO.- ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE AO DÍA 19 DE ABRIL DE 2016.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 19 de abril de 2016.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por OLGA TRONCEDA CAMPAÑA, con domicilio en Coruxido 11, Bastavales, na que comunica que vai realizar as seguintes obras en Coruxido 11, Bastavales:

- Arranxo da cuberta do alpendre de 70 m², substituindo a tella existente por tella nova do país.
- Ampliar o portal de entrada ao garaxe nunha lonxitude de 50 cm.
- Abrir un oco de 1 metro de ancho, de lado do portal existente para facer unha porta de entrada ao alpendre.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal e da resolución do Servizo de Coordinación da Área Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 12 de abril de 2016 (expediente núm. 300/16), por unanimidade, acorda tomar coñecemento e:

1º) Autorizar as obras de arranxo de tellado e ampliación de porta, coa condición de que se respecte a formalización da porta actual, recolocarse a pedra de cantería que conforma a xambas e o lintel será tamén de cantería, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

2º) Non autorizar a apertura dunha porta peonil, agás que esta se incorpore á carpintería da nova porta de garaxe, é dicir: a porta do garaxe cunha dobre apertura.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ROGELIO MANUEL BAÑA MENDEZ, con domicilio en Aguiar 18, Brión, na que comunica que vai construír unha pequena edificación para destinala a barbacoa, de 2 x 2 metros, con ladrillo, revestido e pintado e de 3 metros de alto, con uralita e tella na cuberta.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural da zona leste en area consolidada pola edificación, sendo de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JESUS REY NIETO, con domicilio en Liñares 32, Brión, na que comunica que vai realizar as seguintes obras en Liñares 32, Brión:

- Construción dun peche de parcela de 92 metros lineais, con bloques de formigón, enfuscado e pintado ata 1,20 metros de alto e arame por encima ata 1,80 metros de alto, medidos sobre a rasante do terreo e retranqueado a 5,50 metros do eixo da estrada.

- Construción dun peche de parcela, no resto da finca, de 100 metros lineais, con base de bloque, enfuscado e pintado, e arame por encima ata 1,80 metros, medido sobre a rasante do terreo e retranqueado a 4,00 metros do eixo da pista.

- Construción dun galpón de 50 m² de superficie, con bloque, enfuscado e pintado e tella na cuberta, cunha altura máxima de 3,50 metros, retranqueado a 3,00 metros dos lindes e a 3,00 metros do peche de parcela.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural da zona leste en area consolidada pola edificación, sendo de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por EDUARDO JOSE DIAZ GONZALEZ, con domicilio en Urbanización Monte Devesa 36, Os Ánxeles, na que comunica que vai realizar as seguintes obras en Soigrex, Os Ánxeles:

- Construción dun peche de parcela de 111 metros de lonxitude en zona de núcleo rural, con maia e postes, de 1,80 metros de alto e a 5,50 metros do eixo do camiño que conduce á aldea de Sanín.

- Construción dun peche de parcela de 141 metros de lonxitude en zona rústica, con maia e postes, de 1,50 metros de alto.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural da zona leste na área de expansión, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-2) e solo rústico agropecuario, séndolle de aplicación, en base á disposición transitoria 1ª.2.d) da Lei 2/2016, o disposto nesta lei para o solo rústico.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JORGE REY BARCA, con domicilio en Salaño Grande 28, Ons, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda de Salaño Grande 27, Ons, de 144 m² de superficie substituindo a uralita e tella existente por outra nova, sen incrementar o volume actual da cuberta.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal e da resolución do Servizo de Coordinación da Área Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 19 de abril de 2016 (expediente núm. 479/16), por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras coa condición de que a tella sexa similar á existente e non se incrementen nin a altura nin o volume da edificación. Coa actuación non variará a configuración da cuberta, é dicir, manteranse as cotas de cornixa e cume, a disposición e as pendentes das vertentes, a dimensión e formalización de voos (sobrepesa de lousa a modo de cornixa e tella voada).

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

TERCEIRO.- SOLICITUDE DE PRÓRROGA DE LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por MANUEL ANGEL REY FERNANDEZ, con domicilio en Pudenza 9, Brandomil, Zas, na que solicita prórroga do prazo de finalización das

obras de construción dunha vivenda unifamiliar na Rúa Santiago 4, Os Ánxeles, concedida na Xunta de Goberno Local do 16/04/2013.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, acorda por unanimidade conceder unha prórroga de tres anos contados desde o día de hoxe para o remate das obras.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

CUARTO.- LICENZAS DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por MARIA DEL PILAR LOPEZ FREIRE, con domicilio en Rúa Francisco Lopez García, nº40, 2º, Melide, de solicitude de licenza para construír unha vivenda unifamiliar en Guitiande 69, Os Ánxeles, segundo proxecto de execución redactado polo arquitecto Santiago Rodríguez Alcalá, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 05/11/2015 e documentación complementaria presentada o 25/11/2015 (r.e. 4982), visada o 24/11/2015, o 17/12/2015 (r.e. 5362), visada o 16/12/2015 e o 21/04/2016 (r.e. 1677) visada o 20/04/2016.

A parcela onde se pretenden executar as obras sitúase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural non consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza NRL-2.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello e da resolución do Servizo de Coordinación da Área Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 16 de febreiro de 2016 (expediente núm. 2368/15), acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro, coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto Santiago Rodríguez Alcalá, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 05/11/2015 e documentación complementaria presentada o 25/11/2015 (r.e. 4982), visada o 24/11/2015, o 17/12/2015 (r.e. 5362), visada o 16/12/2015 e o 21/04/2016 (r.e. 1677) visada o 20/04/2016.
- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder, en calquera caso, o promotor dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.
- Como garantía da urbanización (conexión cos servizos urbanos existentes e realización das obras accesorias de urbanización do fronte da parcela), imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 900,00 €, que o interesado deberá presentar no concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.
- Esta licenza non é válida para a execución dos muros de peche de parcela, co cal, haberá de realizarse unha nova solicitude de licenza a tales efectos.
- As obras que se executen sen licenza ou inobservancia das súas condicións, serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas, en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 31 do PXOM: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra desde a concesión da licenza.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este encargo, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de 58,69 m² para ampliación de viais, previstos no artigo 24.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 28 de abril de 2016.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Cristóbal Ocáriz Meana, que di actuar en representación de ROSA MARIA NIETO POMBAR, con domicilio en Aguiar 29, Brión, de solicitude de licenza para reformar e ampliar unha vivenda en Aguiar 29, Brión, segundo proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Cristóbal Ocáriz Meana, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 24/11/2015 e documentación complementaria presentada o 09/12/2015 (r.e. 5202), visada o 09/12/2015, o 11/12/2015 (r.e. 5246), visada o 11/12/2015 e o 14/03/2016 (r.e. 1060) visada o 24/11/2015.

A parcela onde se pretenden executar as obras sitúase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza NRL-1.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello e da resolución do Servizo de Coordinación da Área Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 16 de febreiro de 2016 (expediente núm. 2320/15), acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro, coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto Cristóbal Ocáriz Meana, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 24/11/2015 e documentación complementaria presentada o 09/12/2015 (r.e. 5202), visada o 09/12/2015, o 11/12/2015 (r.e. 5246), visada o 11/12/2015 e o 14/03/2016 (r.e. 1060) visada o 24/11/2015.
- De acordo coa resolución do Servizo de Coordinación da Área Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a pintura de acabado debe ser da gama dos cremas ou branca (salvo xustificación en contrario que se deberá remitir a Patrimonio para a súa avaliación) e a cor da carpintería non debe ser rechamante, debendo aplicarse a mesma cor da existente no resto das carpinterías da edificación.
- As obras que se executen sen licenza ou inobservancia das súas condicións, serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas, en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 31 do PXOM: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra desde a concesión da licenza.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este encargo, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado. Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

c) Deuse conta dunha instancia presentada por Alberto Blanco Rodríguez, que di actuar en representación de JOSE ANDRADE UZAL e ISABEL FERNANDEZ GONZALEZ, con domicilio en Urb. Balado 36, 1ºA, Os Ánxeles, de solicitude de licenza para construír unha vivenda unifamiliar en Guisande 47, Os Ánxeles, segundo proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Alberto Blanco Rodríguez, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 01/03/2016 e documentación complementaria presentada o 19/04/2016 (r.e. 1602) e o 28/04/2016 (r.e. 1757), visada o 11/04/2016.

A parcela onde se pretenden executar as obras sitúase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza NRL-2.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro, coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto Alberto Blanco Rodríguez, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 01/03/2016 e documentación complementaria presentada o 19/04/2016 (r.e. 1602) e o 28/04/2016 (r.e. 1757), visada o 11/04/2016.
- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder, en calquera caso, o promotor dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.
- Como garantía da urbanización (conexión cos servizos urbanos existentes e realización das obras accesorias de urbanización do fronte da parcela), imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 900,00 €, que o interesado deberá presentar no concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.
- Esta licenza non é válida para a execución dos muros de peche de parcela, co cal, haberá de realizarse unha nova solicitude de licenza a tales efectos.
- As obras que se executen sen licenza ou inobservancia das súas condicións, serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas, en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 31 do PXOM: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra desde a concesión da licenza.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este encargo, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que

acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado. Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de 35,00 m² para ampliación de viais, previstos no artigo 24.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 2 de maio de 2016. Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

QUINTO.- LICENZA DE VADO PERMANENTE.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por JOSE ANTONIO GIMENEZ JORGE, con domicilio na Rúa da Senra 7, Os Ánxeles, na que solicita licenza municipal para a colocación dun vado permanente para o servizo ao garaxe da vivenda da Rúa da Senra 7, Os Ánxeles. A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola policía local, acorda por unanimidade conceder a autorización para instalar o vado permanente, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro. Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

SEXTO.- LICENZA DE ACTIVIDADE.

a) Deuse conta dunha solicitude de licenza de actividade asinada por Esteban Parra Ramos, que di actuar en representación da ESTACIÓN DE SERVICIO MANZANEDA SA, con domicilio na Avd. de Noia 14, Os Ánxeles, para o funcionamento da actividade de café concerto na Avd. de Noia 14, Os Ánxeles, á que achega certificado final de obra do enxeñeiro técnico industrial Ángel Manuel González Pinto, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Ourense con data 29/01/2016, informe de ensaio de ruídos con data 12/08/2015 (nº: C 10/2015) e documentación complementaria presentada o 14/04/2016 (r.e.1538) e a copia da resolución da Axencia de Turismo de Galicia do 13/04/2016 (signatura: V-CO-014749) pola que se inscribe a modificación de café bar a café concerto no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas de Galicia.

A Xunta de Goberno Local o 29/04/2014 concedeulle licenza a Estaciones de Servicio Manzaneda SA para realizar obras de acondicionamento dun local para destinado a café concerto na Avd. de Noia 14, Os Ánxeles, e licenza de actividade de café concerto condicionada ao cumprimento dunha serie de condicións.

A edificación emprázase dentro dun ámbito de solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-1.

A Xunta de Goberno Local visto o informe favorable da arquitecta municipal no que se sinala que consta realizada a visita de verificación e comprobación de acordo co artigo 25.2 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, por unanimidade, acorda conceder a licenza para a posta en marcha ou apertura da actividade de café concerto, situado na Avd. de Noia 14, Os Ánxeles, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

SETIMO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as 13.25 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

José Luis García García

Javier Nieves González